



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

DECRETO DE CONVOCATORIA DO PLENO EXTRAORDINARIO NÚM. 10 DO 16 DE SETEMBRO DE 2026

Exp. núm.: 2026/G010/000010

No uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.c) e 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e polos artigos 78.2, 80 e 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF).

Vista a necesidade de someter á consideración do Pleno da Corporación os expedientes que se relacionan na orde do día, cuxa tramitación require a adopción dos correspondentes acordos plenarios, considérase necesario convocar sesión extraordinaria.

En virtude do anterior,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, que se celebrará no Salón de Plenos da Casa Consistorial o día **16 de setembro de 2026, ás 10:00 horas**, para debater e resolver os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

ÚNICO. Aprobación da solicitude de participación da segunda fase do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, 2ª FASE DO POS+ADICIONAL 2/2026 da Deputación Provincial da Coruña. (Expte.: 2026/A008/000020)

Segundo.- No caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria, a sesión entenderase convocada automaticamente, en segunda convocatoria, á mesma hora dous días despois á mesma hora, de conformidade co disposto no artigo 90.2 do ROF.

Terceiro.- Notificar a presente convocatoria e a orde do día a todos os membros da Corporación, poñendo á súa disposición desde o mesmo día da convocatoria a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día.

Cuarto.- Proceder á publicación da convocatoria e da orde do día no taboleiro de edictos municipal.

Documento asinado en Muros na data da sinatura dixital pola alcaldesa, D^a María Lago Lestón, ante min, o secretario accidental, D. José Manuel Mayo Priegue.

CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS DO PLENO DA CORPORACIÓN

Da. Laura Eiras Rivadeneira e D. Mario Martínez Lago e Da. Maruxa Martínez Romaní (BNG), Da. Caridad González Cerviño, D. Damián Torea García e Da. Sandra Maneiro Pais (PSOE), Da. María Inés Monteagudo Romero, D. José Vázquez Rama, Da. María del Carmen González García, D. Juan Manuel Martínez Martínez e Da. María Manuela Leis Cambeiro (PP), D. Manuel Secundino Lago Álvarez (MC)